



## NOTIFICACIÓN DE CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía do Concello de Cee procedeu a convocar a sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal que deseguido lle notifico:

### CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO:**

#### PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

**Día:** venres 30 de abril de 2021

**Hora:** 20:00

**Lugar:** Telemática. Aplicación ZOOM.

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

#### A) PARTE RESOLUTIVA

**1. Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

- I. Borrador da sesión extraordinaria e urxente celebrada o 25 de marzo de 2021
- II. Borrador da sesión ordinaria celebrada o 26 de marzo de 2021.

#### **DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E SEGUIMENTO DO PXOM**

2. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación Convenio de Colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e a FEGAMP, os concellos de Ames, As Pontes, Cee e Coirós para o desenvolvemento do programa de apoio cartográfico a Concellos. Expediente Nº 2021/A005/000003.
3. Proposta da Alcaldía: Acordo interpretativo do Pleno da Corporación relativo a compatibilidade da actividade de Tanatorio/Crematorio co uso industrial conforme as NNSS Concello de Cee e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Ordenanza 2 do Proxecto Sectorial do Parque Empresarial en Cee, Expediente Nº: 2020/U022/000011.

4. Proposta da Alcaldía relativa á designación de defensa e representación no PO 105/2021.

## **DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E OBRAS PÚBLICAS**

5. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do POS+2021. EXPEDIENTE: 2021/X999/000024. EXPEDIENTE RELACIONADO:2020/X999/000244

## **DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO**

6. Proposta da Alcaldía relativa á DECLARACIÓN DE COSTA DA MORTE COMO RESERVA LOCAL DE SURF. EXPEDIENTE Nº: 2021/G012/000021

## **DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGUIMIENTO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS E SERVICIOS PÚBLICOS**

7. Proposta da alcaldía relativa á desestimación solicitude de reequilibrio económico e compensación económica na contratación (xestión interesada) servizo público de piscina municipal e outras actividades deportivas. EXPEDIENTE Nº: 2017/C004/000004.
8. Proposta da Alcaldía relativa á Incoación do procedemento de resolución contractual do contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004 entre o Concello de Cee e Dona Elena Torices López relativo a concesión do posto Tipo F Local 30 Mercado de Abastos. EXPEDIENTE Nº: 2021/X999/000153

## **DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA**

9. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Convenio entre o Concello de Cee e CIUG para celebración ABAU 2021. Expediente Nº 2021/A005/000005.
10. Ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda relativo o Suplemento de Crédito Nº 2/2021 (Expediente Nº 2021/T002/000009), para incrementar as partidas que se detallan:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	CONCEPTO
153.2/619.00	89.447,30	Vías públicas. Inversión
165/619.00	30.409,30€	Alumeado xeral. Inversión
<b>TOTAL</b>	<b>119.856,60€</b>	

11. Ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda relativo o Suplemento de Crédito Nº 2/2021 (Expediente Nº 2021/T002/000009), para incrementar a partida que se detalla:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	CONCEPTO
920/227.06	25.000	Traballos técnicos.
<b>TOTAL</b>	<b>25.000€</b>	



## B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

### 12. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento:

- I. Da Nº 298/2021 do 22 de marzo á Nº 429/2021 do 23 de abril.

### 13. Dar conta do envío o MFAP:

- A. Envío da liquidación do Orzamento 2020. Expediente Nº 2021/X999/000039.
- B. Morosidade 1º Trimestre 2021. Expediente Nº 2021/X999/000154.
- C. Período Medio de Pago 1º Trimestre 2021. Expediente Nº 2021/X999/000154.

### 14. Mocións de urxencia.

### 15. Rogos e preguntas.

## SEGUNDO

Se informa, aos efectos oportunos, que de conformidade co artigo 16.3 do ROF: *Os membros da Corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente das que han de servir de antecedente para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que poida serlles facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.*

## TERCEIRO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

## CUARTO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Asinado dixitalmente ao marxe.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.